



## O PEL-Reactiva chega 67.534,74 euros de axudas pola Covid

06 de Novembro de 2020

A Deputación da Coruña publicou o mércores 28 de outubro no Boletín Oficial da Provincia (BOP), a resolución pola que aprobouse a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao Fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia da Coruña, PEL-Reactiva. O montante total é de 12,5 millóns de euros que se distribuirán entre os profesionais autónomos/as e microempresas cuxo negocio se vise afectado pola pandemia da Covid-19.

### Os concellos tramitarán as axudas

Na primeira semana do mes de novembro, serán os concellos os que pasen a canalizar todas as solicitudes do seu tecido empresarial. Nos cinco días hábiles seguintes á publicación da resolución de asignación de fondos, os concellos deberán remitir a súa convocatoria específica de axudas á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para rexistrala e publicala no Boletín Oficial da Provincia.

O reparto de fondos aos concellos realizase de forma absolutamente obxectiva, baseándose no número de autónomos/as e microempresas de cada municipio. No tocante ao concello de Val do Dubra, o montante total das axudas ascende a 67.534,74 €.

Unha vez que a Base de Datos Nacional de Subvencións publique a convocatoria específica de cada concello no BOP, ábrese prazo para que os autónomos e microempresas poidan solicitar directamente no seu concello as axudas, que se rexistrarán de xeito telemático, a través da Sede Electrónica. O Técnico de Xestión Económica e a Axente de Desenvolvemento Local, serán os encargados de supervisar o proceso e resolver calquera dúbida. O prazo para presentar as solicitudes rematará ás 14:00 horas do día 25 de novembro de 2020.

### Beneficiarios



## CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.dicoruna.es

Estas axudas da liña PEL-Reactiva poderán solicitálas os autónomos, autónomas e microempresas con domicilio fiscal nalgún dos 88 concellos adheridos ao fondo, que se viran afectadas polo peche do negocio durante o estado de alarma, así coma aquelas que viran reducida a súa facturación en máis dun 75% ou se acolleran a un ERTE como consecuencia da situación de crise sanitaria orixinada pola COVID-19.

As subvencións, compatibles con outras prestacións municipais, oscilarán entre os 1.500 euros para traballadores por conta propia sen traballadores ao seu cargo e, os 3.000 euros aos que poden optar as microempresas e autónomos/as que contan cun cadro de persoal, de entre 6 e 9 traballadores/as.

Os fondos poderán ser destinados, entre outras cuestións, a gastos de adaptación e acondicionamento dos negocios á nova realidade derivada da pandemia como pode ser a compra de mamparas de protección, a adquisición de produtos hixiénicos e de limpeza, material antiséptico ou desinfectante, así como a gastos correntes de subministracións de auga, luz, gas, etc.